

Luns, 18 de outubro de 2021

Núm. 200

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GROVE, O****Recadación**

EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA DOS PADRÓNS DAS TAXAS DE LIXO, AUGA, CANON, SANEAMENTO E DEPURACIÓN, 2º SEMESTRE/2021

COBRANZA EN VOLUNTARIA DOS PADRÓNS DAS TAXAS DE RECOLLIDA DE LIXO, AUGA, CANON DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO 2º SEMESTRE 2021

Logo de seren aprobados mediante Resolución da Alcaldía os padróns municipais das taxas de recollida de lixo, subministración de auga, canon da auga da Xunta de Galicia e saneamento e depuración correspondente ao 2º semestre do 2021, expónse ao público, para os efectos de exame e reclamacións, por un período de 15 días, que comezará a contarse a partir do día seguinte en que este anuncio sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia.

De conformidade co previsto no artigo 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, regulador das facendas locais, comunícaselles aos/ás contribuíntes afectados/as que o período voluntario de cobranza do mencionado padrón será do 20/10/2021 ao 31/12/2021, ambas as dúas datas incluídas, mediante a orde de domiciliación bancaria ou nas oficinas das entidades colaboradoras (na propia oficina bancaria, nos caixeiros automáticos e a través de sede electrónica do concello-pasarela de pagos), empregando os recibos que se enviarán ao domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. De non recibir ditos documentos de pago, deberán solicitar un duplicado nas dependencias da tesourería-recadación do concello do Grove. Para os recibos domiciliados o cargos nas contas bancarias efectuarase a partires do día 10 de decembro deste ano.

O vencemento do prazo en período voluntario sen ter satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento de constrinximento, a percepción do recargo do 5, 10 ou 20% e os demais conceptos esixibles. O dito procedemento executivo no caso do canon da auga levarase a cabo pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do art. 102 da vixente Lei xeral tributaria.

Contra o acto de aprobación do padrón poderá interporse un recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes, que comezará a contarse desde o día seguinte ao do remate do período da súa exposición pública, de conformidade co previsto no artigo 14 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

O Alcalde — Jose Cacabelos Rico.

Documento asinado dixitalmente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: VKTEGJZUW8RJKVJ2

